PRÓXIMAS ACTIVIDADES

XORNADA DE CONVIVENCIA DO VOLUNTARIADO DAS CÁRITAS GALEGAS

Esta xornada, que terá lugar o día 7 de Xuño, quere ser unha actividade lúdico-festiva onde todos e todas teñamos a oportunidade de compartir un día agradable e distendido en compañía doutros voluntarios/as da nosa terra. Visitaremos os canóns do Sil en catamarán e xantaremos todos xuntos. Contamos contigo!.

III SEMANA DA CARIDADE

Celebrarase dos días 19 ata o 22 de Maio e na que se contará con diferentes actividades. Durante os días 19, 20 e 21 no Salón Rexio do Círculo Mercantil (sito na rúa Príncipe) baixo o lema: "Os dereitos humanos son universais, as oportunidades deberían selo". Os temas a tratar nesta edición son: "O dereito á igualdade entre o home e a muller" e "O dereito á saúde". Coñeceremos tamén o traballo realizado polos Irmáns de San Juan de Dios. O xoves 22 pola mañá terá lugar a cuestación en diferentes rúas da cidade de Vigo e pola tarde celebrarase unha Eucaristía.

Animámosvos a participar activamente nestes actos que axudarán a mellorar a información e sensibilización de cada un de nós e das nosas comunidades parroquiais. Esperamos contar ca vosa presenza.

Material do Día da Caridade

ESCOLA DE FORMACIÓN SOCIAL 2008

Dos días 3 ao 16 de Xullo no Escorial (Madrid)

MÓDULO A (formación básica): **do 2 ao 6 de Xullo**
Acollida: tarde/noite mércores 2.
Ponencia e cursos: xoves 3, venres 4, sábado 5 e domingo 6 ata ás 14.00 h.

MÓDULO B (formación especializada): **do 6 ao 11 de Xullo**
Acollida: tarde/noite domingo 6.
Cursos: luns 7, martes 8, mércores 9, xoves 10, venres 11 ata ás 19.00 h.

MÓDULO C (formación básica): **do 12 ao 16 de Xullo**
Acollida: tarde/noite do sábado 12.
Ponencia e cursos: domingo 13, luns 14, martes 15 e mércores 16 ata ás 14.00 h.

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia.
Secretaría Xeral de Política Lingüística
XUNTA DE GALICIA

Cupón Socio/Donativo

Sr. Director de _____ Sucursal _____

Desexo domicilien na miña conta os recibos que presentará Cáritas Diocesana de Tui-Vigo

Nome _____

Enderezo _____ Teléfono _____

Nº cta. |_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_| Importe _____

☐ Anuais
☐ Trimestrais
☐ Mensuais
☐ Entrega única

_____, a _____ de _____ de 2008

Sinatura

Enviar a Cáritas Diocesana Tui-Vigo. Avda. García Barbón, 104 baixo. 36201 Vigo